

# II PLAN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

CONCELLO DE COVELO

2018-2021

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>2</b>
<b>2. MARCO LEXISLATIVO</b>	<b>3</b>
<b>3. PRINCIPIOS ORIENTADORES DO PLAN</b>	<b>5</b>
<b>4. METODOLOXÍA</b>	<b>6</b>
4.1. FASE PREPARATORIA	6
4.2. DIAGNOSE DA SITUACIÓN	7
4.2.1. Fontes secundarias	7
4.2.2. Fontes primarias	7
4.2.3. Análise DAFO	8
4.3. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS E ACTUACIÓN	8
4.4. PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	9
4.5. COMUNICACIÓN E PRESENTACIÓN	9
<b>5. DIAGNOSE DA SITUACIÓN</b>	<b>10</b>
5.1. CONTEXTUALIZACIÓN	10
5.2. PERFIL DA POBOACIÓN	11
5.3. EMPREGO E FORMACIÓN	14
5.4. EDUCACIÓN E CULTURA	19
5.5. PARTICIPACIÓN SOCIAL E POLÍTICA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO	22
5.6. SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E VIOLENCIA DE XÉNERO	25
5.7. A ADMINISTRACIÓN LOCAL	29
<b>6. ÁREAS DE INTERVENCIÓN</b>	<b>31</b>
6.1. ÁREA 1: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO	32
6.2. ÁREA 2: EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE	35
6.3. ÁREA 3: ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN SOCIAL	39
6.4. ÁREA 4: FORMACIÓN E EMPREGO	41
6.5. ÁREA 5: CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR	44
6.6. ÁREA 6: SERVIZOS SOCIAIS E VIOLENCIA DE XÉNERO	47
<b>7. AVALIACIÓN</b>	<b>51</b>
<b>ANEXOS</b>	<b>52</b>
<b>Anexo I.</b> Ficha de seguimento das actuacións	52
<b>Anexo II.</b> Glosario de termos	53

## 1. INTRODUCCIÓN

---

A elaboración do *II Plan para a Igualdade de Mulleres e Homes do concello de Covelo (2018-2021)* é un reflexo da vontade expresa do Concello por continuar loitando contra todo tipo de discriminacións que seguen a perpetuar relacións de desigualdade entre as persoas por razón de xénero.

Este II Plan é a continuación do traballo desenvolvido no I Plan, e vai permitir durante catro anos continuar desenvolvendo políticas públicas con perspectiva de xénero que teñen como finalidade alcanzar a igualdade efectiva entre as mulleres e os homes no Concello de Covelo.

O seu obxectivo primordial é traballar na implementación da transversalidade de xénero co fin de facer partícipes ao maior número de organismos locais e o persoal técnico e político municipal, de que a igualdade de oportunidades sexa realidade en todas as políticas e accións realizadas no concello de Covelo.

Coa posta en execución deste *II Plan para a Igualdade* preténdese ter un documento de traballo, unha ferramenta práctica, concibida e feita á medida das necesidades de mulleres e homes do municipio de Covelo e que xa está a trazar o camiño dunha política municipal concibida e aplicada desde a perspectiva de xénero.

## 2. MARCO LEXISLATIVO

---

Para a elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Covelo tívose en conta a lexislación e a normativa vixente a nivel internacional, europeo, estatal, autonómico e local:

### Internacional

- Carta das Nacións Unidas (1945)
- Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948)
- Convención sobre os dereitos políticos das mulleres (1952)
- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller (1967).
- Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra as mulleres (1979).
- Declaración Res AG 48/104 de Nacións Unidas sobre a eliminación da violencia contra a muller (1993)
- Conferencias Mundiais sobre a Muller: Cidade de México (1975), Copenhague (1980), Nairobi (1985), Beijing (1995)
- Declaración e Plataforma de Acción de Beijing (1995)
- Resolución 1997/44 da Comisión dos Dereitos Humanos (1997)
- Declaración do Milenio (ONU, 2000)

### Europeo

- Tratado de Roma (1957)
- Tratado da Unión Europea (1992)
- Tratado de Amsterdam (1997)
- Directivas da Unión Europea: Directiva 79/7/CEE; Directiva 92/85/CEE; Directiva 2004/113/CE; Directiva 2006/54/CE; Directiva 2010/18/UE; Directiva 2010/41/UE; Directiva 2011/36/UE; Directiva 2011/99/UE; Directiva 2012/29/UE
- Compromiso estratéxico para igualdade entre mulleres e homes 2016-2019 (2016)

### Estatal

- Constitución Española de 1978
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno (BOE 14/10/2003. Núm. 246)

- Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29/12/2004. Núm. 313)
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE 23/03/2007. Núm. 71)

### **Autonómico**

- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG 13/04/2007. núm. 72)
- Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG 7/08/2007. Núm. 140)
- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG 3/08/2004. Núm. 149)

### **Local**

- I Plan para a Igualdade de mulleres e homes do Concello de Covelo (2007-2010)

### 3. PRINCIPIOS ORIENTADORES DO PLAN

---

O II Plan de Igualdade do Concello de Covelo tivo en conta, para súa elaboración tres eixes fundamentais: a transversalidade, a participación social e comunitaria e a pluralidade, entendendo como tales:

#### ■ **Transversalidade**

termo transversalidade ou *Mainstreaming* de xénero foi definido en 1999 polo Consello de Europa como “a organización (a reorganización), a mellora, o desenvolvemento e a avaliación dos procesos políticos, de modo que a perspectiva da igualdade de xénero se incorpore en todas as políticas, en todos os niveis e en todas as etapas, polos actores normalmente involucrados na adopción de medidas políticas”. Neste sentido, o principio de igualdade entre mulleres e homes estará presente, de forma transversal, en todas as accións e políticas emprendidas pola Administración Local.

#### ■ **Participación social e comunitaria**

A participación de mulleres e homes en tódolos ámbitos da vida social e comunitaria é un principio prioritario sobre o que se vertebra o II Plan de Igualdade do Concello de Covelo. A participación equitativa de mulleres e homes na sociedade é fundamental para a inclusión e a transformación social.

#### ■ **Pluralidade e diversidade**

Ademais do xénero é necesario ter en conta outras variables como a raza, a etnia, a idade, a nacionalidade, a clase social, a diversidade funcional, a diversidade sexual ou calquera outro condicionante que poida ser un elemento de discriminación. Atender a pluralidade e a diversidade é imprescindible á hora de desenvolver políticas públicas de calidade que atendan as necesidades e intereses dos diferentes grupos de poboación.

## 4. METODOLOXÍA

O II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Covelo contou coas seguintes fases para a súa elaboración:

- *Fase preparatoria*
- *Diagnose da situación*
- *Establecemento de obxectivos e actuacións*
- *Comunicación das principais conclusións e propostas de mellora*
- *Presentación*

	Agosto				Setembro					Outubro				Novembro				Decembro			
	Nº de semanas				Nº de semanas					Nº de semanas				Nº de semanas				Nº de semanas			
	1	2	3	4	1	2	3	4	5	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
<b>Fase Preparatoria</b>																					
<b>Diagnose da situación</b>																					
<b>Establecemento de obxectivos e actuacións</b>																					
<b>Comunicación das principais conclusións e propostas de mellora</b>																					
<b>Presentación</b>																					

### 4.1. FASE PREPARATORIA

O obxectivo desta fase foi a de implicar ao persoal do concello na elaboración do II Plan de Igualdade, comunicando o inicio da súa elaboración, para conseguir o seu apoio no deseño do mesmo e a súa posta en marcha posterior. Realizouse unha primeira sesión para presentar a metodoloxía de traballo, contrastar a proposta e planificar as actuacións no tempo.

## 4.2. DIAGNOSE DA SITUACIÓN

---

Para establecer os obxectivos e actuacións concretas do II Plan de Igualdade de Covelo foi necesario realizar unha diagnose do municipio, que permitiu levar a cabo unha análise comparativa da situación de mulleres e homes no Concello.

Nesta fase foi indispensable a colaboración do persoal do concello, que facilitou o traballo en todo momento, aportando a información necesaria para levar a cabo esta fase de diagnose do municipio.

A metodoloxía utilizada baseouse nun enfoque participativo, no que se utilizaron métodos cuantitativos e cualitativos de investigación social, a través de fontes primarias e secundarias de información:

### 4.2.1. Fontes secundarias

Recolléronse datos desagregados por sexo en distintos ámbitos ou áreas para poder detectar as diferenzas entre ámbolos sexos e poder establecer os obxectivos e as actuacións concretas do plan:

- Perfil da poboación
- Emprego e Formación
- Educación e Cultura
- Participación social e política, xuventude e deporte
- Servizos Sociais, Igualdade e Violencia de Xénero
- Administración Local

Utilizáronse as estatísticas dispoñibles a nivel municipal das seguintes fontes:

- Instituto Nacional de Estadística
- Instituto Galego de Estadística
- Instituto Galego das Cualificacións
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Consellería de Economía, Emprego e Industria
- Datos aportados polo persoal do concello



#### 4.2.2. Fontes primarias

Administráronse cuestionarios dirixidos a:

- Persoal técnico do Concello
- Persoal xeral do Concello
- Persoal do Centro de Saúde
- Entidades Non Lucrativas
- Garda Civil
- Persoal Político do Concello

#### 4.2.3. Análise DAFO

Unha vez recollida a información para cada área realizouse unha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades), que nos permitiu describir a situación de partida e determinar os obxectivos e actuacións concretas do Plan de Igualdade.

### 4.3. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS

---

A través da análise DAFO establecéronse os obxectivos e actuacións concretas para cada área de intervención. Ditas áreas foron definidas segundo a realidade do concello analizada, propoñéndose as seguintes:

- **ÁREA 1:** TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO
- **ÁREA 2:** EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE
- **ÁREA 3:** ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN SOCIAL
- **ÁREA 4:** FORMACIÓN E EMPREGO
- **ÁREA 5:** CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR
- **ÁREA 6:** SERVIZOS SOCIAIS E VIOLENCIA DE XÉNERO

#### OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS

Nesta fase, establecéronse os obxectivos e as actuacións específicas do II Plan de Igualdade do Concello de Covelo.

### **Obxectivos**

Propósitos máis amplos que abarcan o marco de referencia do plan. Constitúe o impacto que se espera producir na realidade previamente diagnosticada.

### **Actuacións**

Para alcanzar os obxectivos propostos establecéronse un conxunto de accións que van a permitir facer efectiva a intervención que os obxectivos enuncian, e a través delas procurar o fomento da igualdade e a eliminación as situacións de desigualdade anteriormente detectados, procurando o logro dos resultados.

## **4.4. PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

---

Nesta fase deseñáronse os instrumentos de seguimento e avaliación do II Plan de Igualdade do Concello de Covelo, que terá unha vixencia de catro anos.

### **Seguimento**

De forma continuada segundo as actuacións previstas. Realizarase unha avaliación de cada actuación que se leve a cabo. Deseño de ficha de seguimento para cada actividade.

### **Avaliacións Intermedias**

De forma ocasional para medir o grao de implantación do Plan de Igualdade, comprobar que se logran os obxectivos, propor cambios e melloras a realizar. Cunha temporalidade anual.

### **Avaliación Final**

Realizarase ao final do período de vixencia do II Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes para estimar o seu impacto real.

## **4.4. COMUNICACIÓN E PRESENTACIÓN**

---

Unha vez recollida a información realizouse a comunicación das principais conclusións e actuacións propostas do II Plan de Igualdade coa finalidade de dar a coñecer e compartir, cos diferentes axentes implicados na igualdade do Concello de Covelo.

Por último procedeuse a presentación do II Plan de Igualdade do Concello de Covelo.

## 5. DIAGNOSE DA SITUACIÓN DA IGUALDADE

### 5.1. CONTEXTUALIZACIÓN

O municipio de Covelo atópase situado no sur da provincia de Pontevedra. Limita coas localidades ourensás de Avión e Melón e coas pontevedresas de A Cañiza, Mondariz e Fornelos de Montes. Conta cunha superficie 124 quilómetros cadrados, na que reside unha poboación de aproximadamente 2500 habitantes repartidos en 14 parroquias: Barcia de Mera (San martiño), Campo (Santa María) Casteláns (Santo Estevo), Santa Mariña, Fofe (San Miguel), Godóns (Santa María), A Graña (San Bernabeu), A Lamosa (San Bartolomé), Maceira (San Salvador), Paraños (Santa María), O Piñeiro (San Xoán), Prado (San Salvador), Prado da Canda (Santiago) e Santiago de Covelo (Santiago).

Figura 1. Situación xeográfica do concello de O Covelo




## 5.2. PERFIL DA POBOACIÓN

Segundo as cifras oficiais de poboación do Instituto Nacional de Estatística no ano 2016 o concello de Covelo contaba cun total de 2528 habitantes, dos cales 1257 eran homes e 1221 mulleres. O feito de que Covelo conte cun maior número de mulleres débese a que estas teñen unha esperanza de vida maior e como veremos máis adiante, Covelo presenta, como moitos municipios do rural galego, unha poboación moi envellecida.

En canto a evolución da poboación nos últimos dez anos, o concello de Covelo foi perdendo poboación, pasando de ter 3515 habitantes en 2007 a 2 528 en 2016.

Figura 2. Evolución da poboación. Covelo. 2007-2016



Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Instituto Nacional de Estatística.

Esta perda constante de poboación durante o período analizado ten que ver, como xa apuntabamos antes, co envellecemento estrutural da poboación galega.

Táboa 1. Proporción de persoas de 65 e mais anos. 2016

	Galicia	Pontevedra	Covelo
Porcentaxe	24,3 %	21,4 %	39,7 %

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Indicadores de lonxevidade

No ano 2016 a proporción de persoas de 65 anos e mais era en Covelo de 39,7 %, moi superior a porcentaxe de Galicia 24,3 % e Pontevedra 21;4%. Ademais, se analizamos os datos segundo o sexo, a porcentaxe é maior para as mulleres 47,3% que para os homes 32,1%.

Táboa 2. Poboación por sexo. Covelo. 2016

	Total	%	Homes	%	Mulleres	%
Total	2528		1257		1271	
0-14	177	7,0%	90	7,2%	87	6,8%
15-64	1347	53,3%	764	60,8%	583	45,9%
65 e mais	1004	39,7%	403	32,1%	601	47,3%

Fonte: Elaboración propia partir dos datos do IGE.

O envellecemento da poboación en Galicia é un problema estrutural, endémico e que afecta xa a todo o seu territorio, con maior incidencia nos municipios do rural. Este envellecemento ten que ver, como xa vimos, coa maior esperanza de vida e descenso da mortalidade, así como as baixas taxas de fecundidade e a despoboación do rural galego.

No ano 2016, o concello de Covelo presenta un saldo vexetativo negativo, é dicir, morre moita mais xente da que nace.

Táboa 3. Fenómenos demográficos. Covelo. 2016

	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
Covelo	6	40	-34

Fonte: Elaboración propia partir dos datos do IGE. Fenómenos demográficos.

É un saldo migratorio (balance entre inmigracións e emigracións), tamén negativo nos últimos anos analizados, exceptuando o 2016, no que chegou mais xente ao municipio da que se foi.

Táboa 4. Saldo migratorio. 2007-2016. Covelo

Anos	Total
2007	-7
2008	-15
2009	-14
2010	-61
2011	-21
2012	-62
2013	-20
2014	-43
2015	-47
2016	19

Fonte: IGE. Saldos migratorios.

Táboa 5. Análise DAFO. Perfil da Poboación

<b>ANÁLISE DAFO</b>		
<b>ANÁLISE EXTERNO</b>	<b>OPORTUNIDADES</b> Novas ruralidades, volta ao rural.	<b>AMEAZAS</b> Envellecemento xeral da poboación
<b>ANÁLISE INTERNO</b>	<b>FORTALEZAS</b> Saldo migratorio positivo no ano 2016	<b>DEBILIDADES</b> Perda de poboación nos últimos 10 anos  Alta proporción de persoas de 65 e mais anos  Saldo vexetativo negativo

### 5.3. EMPREGO E FORMACIÓN

Neste apartado imos analizar a situación do mercado laboral no concello de Covelo así como a formación que se imparte no municipio.

Táboa 6. Afiliacións á Seguridade Social. Covelo. Xuño 2017

Total	629	
Agricultura e pesca	32	5,1%
Industria	104	16,5%
Construción	46	7,3%
Servizos	443	70,4%
Non consta	4	0,6%

Fonte. IGE.

En xuño de 2017 déronse de alta na Seguridade Social un total de 629 persoas do municipio de Covelo. O 70,4 % destas altas realizáronse no sector servizos, o 16,5% na industria, un 7,3% na construción e so un 5,1 % en agricultura e pesca. Do total de altas na Seguridade Social o 60,3 % foron homes e un 39,7% mulleres.

Táboa 7. Afiliacións á Seguridade Social por sexo. Covelo. Xuño 2017

Total	Homes	%	Mulleres	%
629	379	60,3%	250	39,7%

Fonte. IGE. Afiliacións a Seguridade Social.

En canto aos datos do paro, rexistráronse en Covelo un total de 189 persoas demandades de emprego no mesmo mes, das cales un 58,2 % eran homes e un 41,8 % mulleres.

Táboa 8. Paro rexistrado por sexo. Covelo. Xuño 2017

Total	Homes	%	Mulleres	%
189	110	58,2%	79	41,8%

Fonte: IGE. Paro rexistrado.

Táboa 9. Paro rexistrado por sexo e idade. Covelo. Xuño 2017

	Total		Homes		Mulleres	
Total	189		110		79	
16 a 19 anos	1	0,5%	0	0,0%	1	1,3%
20 a 24 anos	7	3,7%	3	2,7%	4	5,1%
25 a 29 anos	12	6,3%	6	5,5%	6	7,6%
30 a 34 anos	16	8,5%	7	6,4%	9	11,4%
35 a 39 anos	11	5,8%	6	5,5%	5	6,3%
40 a 44 anos	25	13,2%	15	13,6%	10	12,7%
45 a 49 anos	35	18,5%	19	17,3%	16	20,3%
50 a 54 anos	32	16,9%	20	18,2%	12	15,2%
55 a 59 anos	30	15,9%	18	16,4%	12	15,2%
60 a 64 anos	20	10,6%	16	14,5%	4	5,1%

Fonte: IGE. Paro rexistrado.

Os datos mostran que o paro no concello de Covelo concéntrase nos intervalos de idade que van dos 45 aos 64 anos en ámbolos sexos. Sendo o intervalo de mulleres de 45 a 49 anos o que alcanza unha porcentaxe mais alta. O paro xuvenil, é maior para as mulleres que para os homes.

Por sectores, as cifras mais altas de persoas desempregadas atópanse no sector servizos (66,1 %), que é o que a súa vez, xera mais postos de traballo, sendo superior nas mulleres 75,9 % que nos homes 59,1 %. Os datos amosan que existe unha grande porcentaxe de homes desempregados na industria e construción (20,9%). Unha das razóns fundamentais de que o paro masculino sexa superior ao feminino no concello de Covelo débese a que a crise económica afectou en xeral a estes dous sectores tradicionalmente masculinizados.



Táboa 10. Paro rexistrado por sexo e actividade económica. Covelo.  
Xuño 2017

	Total		Homes		Mulleres	
Paro total	189		110		79	
Agricultura/Pesc a	10	5,3%	6	5,5%	4	5,1%
Industria	12	6,3%	10	9,1%	2	2,5%
Construción	24	12,7%	23	20,9%	1	1,3%
Servizos	125	66,1%	65	59,1%	60	75,9 %
Sen emprego anterior	18	9,5%	6	5,5%	12	15,2 %

Fonte: IGE. Paro rexistrado.

Ademais, como xa vimos anteriormente, a pesar de que o paro masculino é maior que o feminino, as altas na Seguridade social seguen sendo maiores para os homes. Isto pode estar relacionado con que haxa maior porcentaxe de poboación activa masculina, debido ao envellecemento da poboación e os roles tradicionais de xénero, hai mais os homes os que están ocupados ou na procura de emprego que mulleres, xa que elas son as que dedícanse principalmente ao traballo doméstico e de coidados.

En canto a formación, o Concello de Covelo conta no 2017 co 1º Plan de Formación para o Emprego, que ten como finalidade por en marcha distintas accións formativas destinadas a mellorar a empregabilidade e facilitar a inserción no mercado de traballo das persoas desempregadas no municipio.

A oferta formativa é a seguinte:

- Curso de manipulador de alimentos e alérxenos
- Curso de primeiros auxilios
- Curso de Técnicas de mobilización de persoas con dependencia
- Curso de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios
- Curso de informática básica
- Curso de operador de carretillas elevadoras
- Curso - Taller de habilidades sociais e motivación
- Curso - Prevención de riscos (inicial)
- Curso de preparación as probas de acceso a ESO.

Os datos desagregados por sexo dos cursos realizados no 2017:

Táboa 11. Accións formativas por sexo. Concello de Covelo. 2017

CURSOS	Total	Homes	%	Mulleres	%
Total	80	48	60,0%	32	40,0%
Curso de Aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios	24	15	62,5%	9	37,5%
Curso de informática básica	15	10	66,7%	5	33,3%
Curso de operador de carretillas elevadoras	24	15	62,5%	9	37,5%
Curso de manipulador de alimentos e alérxenos	17	8	47,1%	9	52,9%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo persoal do Concello

Como se pode ver na táboa, do total de persoas que participaron nos cursos de formación organizados polo Concello, 48 foron homes e 32 mulleres. A participación masculina é superior en tódolos cursos, exceptuando o curso de manipulador de alimentos e alérxenos. Esta maior cantidade de homes nas accións formativas débese a que os cursos ofertados encaixan con traballos “masculinizados”, mentres que no de “manipulador” xa podemos ver unha maior presenza de mulleres.

A pesar de que os roles de xénero aínda están moi arraigados no mercado laboral, pódese comezar a ver pequenos cambios coa participación feminina en accións formativas tradicionalmente masculinas.

Táboa 12. Análise DAFO. Emprego e formación

<b>ANÁLISE DAFO</b>		
<b>ANÁLISE EXTERNO</b>	<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
	Tendencia xeral a creación de novos xacementos de emprego no sector de servizos no que se empregan maioritariamente as mulleres	Crise socioeconómica e altos niveis de desemprego Precariedade (contratación temporal e tempo parcial) no sector de servizos, onde maioritariamente se empregan as mulleres
<b>ANÁLISE INTERNO</b>	<b>FORTALEZAS</b>	<b>DEBILIDADES</b>
	Menor desemprego feminino	Maior número de altas masculinas na Seguridade Social Alta porcentaxe de desemprego feminino dos 45 a 49 anos. Maior desemprego xuvenil feminino Menor participación feminina nas accións formativas do concello

## 5.4. EDUCACIÓN E CULTURA

O Concello de Covelo conta coa Escola Infantil de Covelo, A Galiña Azul, integrada na Rede de Escolas Infantís de Galicia e co C.E.I.P *Antonio Blanco Rodríguez* no que se oferta educación infantil de segundo ciclo (de 3 a 6 anos) e educación primaria (dos 6 aos 12 anos aproximadamente) con servizo de comedor para os nenos e nenas.

Táboa 13. Alumnado da Escola Infantil "A Galiña Azul" por sexo

	Nenas	Nenos
Curso 2016-2017	14	14

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo persoal do Concello

Táboa 14. Alumnado do C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez por sexo.  
Curso 2016/2017

	Nenas	Nenos
3 anos	4	4
4 anos	3	6
5 anos	5	7
6 anos	6	8
7 anos	6	3
8 anos	9	3
9 anos	8	4
10 anos	3	10
11 anos	9	7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo persoal do Concello

O colexio ofrece diferentes actividades extraescolares como inglés, baile moderno, zumba, futbito (subvencionado polo Concello), natación e manualidades. Aínda que sería interesante analizar a participación diferencial de nenos e nenas, non obtivemos datos desagregados por sexo das actividades ofertadas. O Concello de Covelo conta tamén cun club de patinaxe artística de xestión privada, no que participan 5 homes e 10 mulleres, dato que reflicta que aínda que os roles e estereotipos de xénero están moi arraigados na nosa sociedade, comeza a haber un pequeno cambio cara unha maior igualdade.

O Concello de Covelo conta cunha Biblioteca Pública Municipal na que se realizan actividades culturais dirixidas aos nenos e nenas do municipio:

Táboa 15. Actividades da Biblioteca Pública Municipal de Covelo

NOME DA ACTIVIDADE
Obradoiro Creación de Contos con Creapps
Contacontos Charo Pita
Contacontos Raquel Queizas
Divermaxia. Mago Paco
Eco das Pedras. Raquel Queizas
Visita Guiada nenos/as Galescola
Visita Guiada nenos/as 3º Primaria

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo persoal do Concello de Covelo

A biblioteca ten un total de 450 socios e socias, dos cales 170 son homes e 280 mulleres, que pode estar relacionado, por unha banda, cun maior interese das mulleres na lectura e nas actividades culturais, pero tamén nunha maior participación das nais nas actividades que realizan os fillos e fillas. Un aspecto positivo a resaltar, é a adquisición de fondos centrados na temática de xénero.

Táboa 16. Adquisicións de fondos para a Biblioteca Pública Municipal de Covelo

TÍTULO DA ADQUISICIÓN	UNIDADES	AUTORA	AUTOR
As viaxes de Ruki	1		R.Caride
Elenita	1		C.Geeslin
Elmer y los hipopótamos	1		David Mckee
Con tango son tres	1		J. Richardson
Colección Os dereitos do Neno e da Nena	11	Teresa Sabaté	
Contos do dereito e do revés	10	Manos Unidas	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo persoal do Concello de Covelo

Táboa 17. Análise DAFO. Educación e cultura

<b>ANÁLISE DAFO</b>		
<b>ANÁLISE EXTERNO</b>	<b>OPORTUNIDADES</b> Incorporación das mulleres ao ámbito educativo	<b>AMEAZAS</b> Roles tradicionais de xénero interiorizados
<b>ANÁLISE INTERNO</b>	<b>FORTALEZAS</b> Servizo de comedor Fondos adquiridos en temática de xénero	<b>DEBILIDADES</b> Falta de datos desagregados por sexo Ausencia de actividades que fomenten a igualdade Menor número de socios na Biblioteca

## 5.5. PARTICIPACIÓN SOCIAL E POLÍTICA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

O Concello de Covelo conta cun importante tecido asociativo composto por un total de 34 asociacións. A pesar da maior presenza de mulleres no ámbito público nos últimos anos, a súa participación, segue estando, como demostran diversos estudos, moi condicionada polos roles tradicionais de xénero. As mulleres participan no asociacionismo no tempo no que non están ocupándose das tarefas do fogar e do coidado da familia, ademais, moitas veces teñen un papel secundario. Un exemplo disto é que a maioría dos postos de presidencia das asociacións son ocupados por homes.

Asociacións do concello de Covelo:

- Asociación Coral Xuntanza.
- Asociación Cultural Asemblea do Suído.
- Asociación Cultural Asemblea dos Merliños (Prado de Canda).
- Asociación de gandeiros Produtores de Carne de Covelo.
- Asociación de mulleres e familias do ámbito rural Fragas do Tea.
- Asociación de veciños de Paraños.
- Asociación de veciños de Pazos.
- Asociación de veciños de San Martiño de Barcia de Mera.
- Asociación de veciños de Santa Mariña.
- Asociación para a promoción do Alto Tea COVELONATURAL.
- Asociación veciñal, cultural e deportiva de Hermida.
- Asociación veciñal, cultural e deportiva de San Juan de Piñeiro.
- Club de Fútbol Barcia de Mera.
- Club de Patinaxe Covelo.
- Club Hípico Monte Aldir.
- Couto de Caza de A Graña.
- Couto de Caza de O Suido.
- Couto de Caza de Piñeiro.
- Couto de Caza de Prado.
- TECOR A Covelense (Confederación de Cotos de Caza de Covelo).
- Xunta de montes de Barcia de Mera (Presidente AngelJoaquín).
- Xunta de montes de Campo (Presidente: Manuel).
- Xunta de montes de Castelanes (Presidente Cesáreo Domínguez).
- Xunta de montes de Covelo (Presidente Alex Cendón).
- Xunta de montes de Fofe (Presidente TomásBarcia).
- Xunta de montes de Godones (Presidente Dario).
- Xunta de montes de Graña (Presidente Francisco Domínguez).
- Xunta de montes de Lamosa (Presidente NelsonParamés).
- Xunta de montes de Maceira (Presidente José María Vázquez).
- Xunta de montes de Paraños (Presidente José Manuel Sendín).
- Xunta de montes de Piñeiro (Presidente Alfonso).

- Xunta de montes de Prado de Canda (Presidente Mauricio).
- Xunta de montes de S.S. Prado (Presidente José Fernández).
- Xunta de montes de Santa Mariña (Presidente José M. Castillo).

Fonte: Datos extraídos da páxina web do Concello de Covelo.

Cabe destacar, de entre todas as asociacións, a Asociación de Mulleres e Familias do ámbito rural Fragas do Tea que organiza diferentes actividades, como excursións, ceas e cursos de pandeireta e musicoterapia dirixidas a poboación do municipio, facendo unha gran labor de dinamización social. No ano 2017, 15 mulleres da asociación recibiron formación sobre percusión e canto tradicional dentro do programa “Conectadas” da Deputación de Pontevedra.

En canto a participación política, a corporación municipal do Concello de Covelo cada vez son máis as mulleres que participan activamente na vida política. A pesar destes avances, a política municipal segue estando masculinizada, en parte polas dificultades das mulleres de conciliar a vida laboral e familiar coa carreira política, xa que son elas as que seguen dedicándose maioritariamente as tarefas domésticas e de coidados.

Táboa 18. Corporación municipal por sexo. Covelo. 2017

	Total	Homes	Mulleres
Concelleiros/as	10	6	4

Fonte: Datos extraídos da páxina web do Concello de Covelo.

En canto a xuventude, o Concello de Covelo conta cunha Oficina Municipal de Información Xuvenil situada na casa consistorial. Nesta oficina préstanse servizos de información aos mozos e mozas do municipio, e tamén se tramita o Carné Xove, que é unha tarxeta persoal á disposición da mocidade galega, que a acredita como tal e coa que obtén descontos e vantaxes en Galicia, no resto das comunidades autónomas e nos países europeos.

Por último, en torno as actividades de voluntariado, en Covelo organízase un Mercadillo Solidario, onde a cidadanía do municipio poden intercambiar roupa, comida, libros... No 2016 a participación voluntaria neste mercadillo foi exclusivamente feminina, 6 mulleres e



ningún home. Ademais, tamén se celebraron neste ano unhas Xornadas de portas abertas de Voluntariado, nas que tampouco houbo presenza masculina, cun total de 10 mulleres.

Táboa 19. Análise DAFO. Participación social e política, xuventude e voluntariado

<b>ANÁLISE DAFO</b>		
<b>ANÁLISE EXTERNO</b>	<b>OPORTUNIDADES</b> Progresivo aumento da presenza de mulleres no ámbito público	<b>AMEAZAS</b> Dificultades de participación feminina no ámbito político masculinizado
<b>ANÁLISE INTERNO</b>	<b>FORTALEZAS</b> Importante tecido asociativo Presenza de mulleres na corporación municipal Servizos de atención a xuventude: OMIX Actividades de voluntariado	<b>DEBILIDADES</b> Baixa participación de mulleres no asociacionismo Baixa presenza de mulleres en postos directivos nas asociacións Falta de actividades dirixidas a mozos e mozas do municipio Nula presenza masculina nas actividades de voluntariado

## 5.6. SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E VIOLENCIA DE XÉNERO

Os Servizos Sociais municipais son o sistema de protección social máis próximo á cidadanía e ao seu ambiente familiar e social, que desenvolve programas e presta axudas que favorecen a participación, integración e benestar social das persoas ou grupos dentro do seu contorno comunitario, especialmente daqueles e aquelas que están ou corren o risco de estar en situación de carencia ou marxinação.

O Concello conta cunha traballadora social, encargada de diagnosticar e ofrecer información a poboación no que respecta aos seus dereitos e recursos e dunha educadora familiar, que leva a cabo as intervencións nas unidades de convivencia.

Nos Servizos Sociais deste municipio foron atendidas no último ano un total de 897 persoas, unha cifra bastante alta, tratándose dun concello de 2500 habitantes. Das persoas que acudiron aos servizos sociais, un 63,4 % foron mulleres.

Táboa 20. Persoas atendidas por no Concello de Covelo por sexo.  
Abril 2016 - Abril 2017

Nº de Persoas usuarias	Homes			Mulleres	
	Total	Homes	%	Mulleres	%
Total	897	328	36,6%	569	63,4%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo persoal do Concello de Covelo

Táboa 21. Persoas atendidas no Concello de Covelo por sector da poboación e sexo. Abril 2016 - Abril 2017

Sector da poboación	Nº de persoas usuarias		
	Total	Homes	Mulleres
Total	897	328	569
Familia	76	13	63
Infancia	43	24	19
Xuventude	37	15	22
Muller	12		12
Persoas Maiores	543	153	390
Persoas con discapacidade	80	45	35
Persoas reclusas ou exreclusas	6	6	0
Minorías étnicas	2	1	1
Persoas marxinadas sen fogar e transeúntes	0	0	0
Persoas toxicómanas (alcohólicas e drogodependentes)	24	20	4
Persoas refuxiadas e asiladas	0	0	0
Persoas emigrantes	16	14	2
Colectivos en situación de necesidade provocada por riscos catastróficos, epidemias, intoxicacións, etc.	0	0	0
Persoas enfermas psiquiátricas institucionalizadas	48	33	15
Persoas enfermas terminais	5	3	2
Outros grupos en situación de necesidade	0	0	0
Persoas inmigrantes	5	1	4

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo persoal do Concello de Covelo

Como se pode ver na táboa, a maior parte das persoas que acoden aos servizos sociais en Covelo son persoas maiores. O envellecemento acusado da poboación no municipio e a maior esperanza de vida das mulleres explica que esta cifra sexa tan alta e que sexan mais mulleres atendidas ca homes. Séguelle a moita distancia, as persoas con discapacidade, a atención as familias e as persoas psiquiátricas institucionalizadas.

Os Servizos Sociais de Covelo ofrecen un servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia, co fin de atender as necesidades básicas da vida cotiá e incrementar a súa autonomía, posibilitando a permanencia no domicilio. Servizo que pretende facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas cuidadoras, que continúan sendo, maioritariamente mulleres.

Táboa 22. Prestación de axuda no fogar para persoas dependentes por sexo

Sector da poboación	Nº de persoas usuarias				
	Total	Homes	%	Mulleres	%
Total	22	2	9,1%	20	90,9%
Persoas maiores	20	2	10,0%	18	90,0%
Persoas con discapacidade	2	0	0,0%	2	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo persoal do Concello de Covelo

En Covelo, prestouse este servizo a un total de 22 persoas, das cales o 90,9% son mulleres, 18 mulleres maiores, 2 homes maiores, e 2 mulleres con discapacidade.

O Concello presta tamén con outros servizos que facilitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral como a Escola Infantil “A Galiña Azul” dirixida a nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos e as Escolas de Verán, dirixidas a nenas e nenos de entre 3 e 12 anos que teñen como finalidade que pais e nais poidan compatibilizar o seu traballo co período vacacional.

Táboa 23. Participación nas Escolas de Verán por sexo. 2016 e 2017

	Total	Nenos	Nenas
Escola de verán 2016	35	19	16
Escola de verán 2017	18	9	9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo persoal do Concello de Covelo

Por último, o concello de Covelo conta co apoio do Centro de Información ás Mulleres de Ponteareas, que é un servizo de información ás mulleres, que proporciona con carácter permanente:

- Asesoramento xurídico.
- Atención psicolóxica.
- Orientación profesional.
- Información en materia de recursos.
- Calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o demanden.
- Información e asesoramento en materia de igualdade de oportunidades aos grupos de mulleres que de forma colectiva o demanden.

No ano 2016 e 2017 foron atendidas un total de 12 persoas no CIM de Ponteareas, pertencentes ao Concello de Covelo. Delas, 5 foron consultas de carácter xurídico e 7 psicolóxicas.

Táboa 24. Análise DAFO. Servizos sociais, igualdade e violencia de xénero

<b>ANÁLISE DAFO</b>		
<b>ANÁLISE EXTERNO</b>	<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
	Políticas públicas que poñen en marcha mecanismos e recursos que promoven e impulsan a Igualdade entre Mulleres e Homes	Aumento das persoas usuarias nos Servizos Sociais debido a crise económica.
<b>ANÁLISE INTERNO</b>	<b>FORTALEZAS</b>	<b>DEBILIDADES</b>
	Existencia de servizos sociais dirixidos a fomentar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Centro de Información ás Mulleres de Ponteareas	Maior presenza das mulleres nos servizos sociais, necesidade de implicar tamén aos homes Maior número de mulleres en situación de dependencia Necesidade dunha maior colaboración entre os axentes implicados na igualdade: Servizos sociais, centro de saúde, CIM.

## 5.7. A ADMINISTRACIÓN LOCAL

---

A promoción da Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un obxectivo prioritario para o Concello de Covelo. Así o demostra o I Plan de Igualdade elaborado no ano 2007, no que se recollían un conxunto de actuacións a seguir nun período de tres anos.

Sen embargo, a pesar da implicación da Administración Local, o certo é que a maior parte destas medidas e actuacións propostas non se levaron a cabo. Os plans de igualdade son ferramentas fundamentais para impulsar políticas públicas de xénero no eido local, pero para que os plans non se queden nun conxunto de "boas intencións" é necesaria, ademais da vontade política e dun seguimento e avaliación continua do plan, unha implicación de tódolos axentes relacionados coa igualdade de xénero.

Nos cuestionarios administrados ao persoal técnico e xeral do concello detectase unha falta de formación en igualdade de oportunidades. Moitas das persoas enquisadas admiten que non contan con ningún tipo de formación en temas de xénero e incluso, recoñecen, non saber que é un Plan de Igualdade de Oportunidades. Aínda así, en xeral, mostran interese en ampliar coñecementos e en formarse nesta materia.

Para que os plans de igualdade gocen de efectividade, é indispensable dotar aos equipos xestores da Administración de formación e ferramentas suficientes para integrar a perspectiva de xénero nas políticas dos seus departamentos.

Na linguaxe administrativa utilizada pola Administración Local pódese ver que aínda que teñen en conta o uso da linguaxe non sexista na redacción de documentos, utilizando palabras inclusivas como alumnado, docentes... Séguese usando o masculino xenérico, como por exemplo no nome das accións formativas "Manipulador de alimentos", "Aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios". Tamén se atopan especiais dificultades á hora de analizar a información desde unha perspectiva xénero xa que moitas veces non se desagregan os datos por sexo.

Ademais, pese a que se teñan en contas as desigualdades de xénero á hora de poñer en marcha políticas públicas, como por exemplo dando prioridade as vítimas de violencia de xénero, a familias monoparentais con fillos e fillas a cargo e con cargas familiares no plan de contratación do Concello, o certo é que en xeral, falta unha transversalidade ou introdución da perspectiva de xénero nas políticas públicas locais, que teña en conta os fundamentos, causas e estruturas de desigualdade entre mulleres e homes na nosa sociedade.

Por último, facer fincapé na importancia de implicar a tódolos axentes relacionados coa igualdade, centro de saúde, policía local, asociacións e comunidade educativa, na elaboración das políticas públicas, co fin de detectar mellor ás necesidades e poñer en marcha medidas que gocen de maior efectividade.

Táboa 25. Análise DAFO. A administración local

<b>ANÁLISE DAFO</b>		
<b>ANÁLISE EXTERNO</b>	<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
	Plans Municipais de Igualdade Oportunidades como instrumento fundamental de traballo	Elaboracións de Plans de Igualdade sen efectividade real
<b>ANÁLISE INTERNO</b>	<b>FORTALEZAS</b>	<b>DEBILIDADES</b>
	Implicación da Administración Local na Elaboración do Plan de Igualdade Utilización de linguaxe non sexista Introdución da perspectiva de xénero no Plan de Contratación do Concello 2017	Falta de implantación das actuacións propostas no Plan de Igualdade 2007-2010. Falta de coñecementos e formación do persoal técnico e xeral da Administración Local Inexistencia de reunións periódicas dos diferentes axentes implicados na igualdade

## 6. ÁREAS DE INTERVENCIÓN

---

A finalidade deste II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Covelo é dar continuidade as actuacións propostas no I Plan nun período de catro anos atendendo ás necesidades do municipio. A partir da diagnose da situación de mulleres e homes e a análise DAFO realizada establecéronse seis áreas de intervención para as cales se fixou un obxectivo xeral e unha serie de actuacións concretas para a consecución de ditos obxectivos:

### AREAS DE INTERVENCIÓN

**ÁREA 1:** TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO

**ÁREA 2:** EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**ÁREA 3:** ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

**ÁREA 4:** FORMACIÓN E EMPREGO

**ÁREA 5:** CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR

**ÁREA 6:** SERVIZOS SOCIAIS E VIOLENCIA DE XÉNERO

Tívoise en conta, de forma transversal, o entorno rural do Concello de Covelo, en especial, na atención de mulleres e mozos e mozas do municipio. A Lei 45/2007, para o desenvolvemento sostible do medio rural, persegue a mellora da situación socioeconómica da poboación das zonas rurais e o acceso a uns servizos públicos suficientes e de calidade. En particular, concédese unha atención preferente a mulleres e xoves, dos cales depende en gran medida, di a citada Lei, o futuro do medio rural.



## 6.1. ÁREA 1: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO

### Obxectivo

*Promover a incorporación da perspectiva de xénero de forma transversal nas políticas municipais*

### Actuación 1.1.

- Fomentar a recollida de datos desagregados por sexo

### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centros educativos
- Asociacións
- Centro de Saúde

### Indicador/es de avaliación

- Datos desagregados por sexo

### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### Actuación 1.2.

- Promover accións formativas dirixidas ao persoal técnico e xeral da administración en Igualdade de Xénero

### Organismo/s implicado/s

- Todos departamentos do Concello de Covelo
- Centros educativos
- Asociacións
- Centro de Saúde

### Indicador/es de avaliación

- Nº de accións formativas realizadas
- Nº de persoas participantes
- Grado de satisfacción das persoas participantes

### Temporalidade

- 2019 - 2021

### Actuación 1.3.

- Potenciar a utilización dunha linguaxe inclusiva e non sexista

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centros educativos
- Asociacións
- Centro de Saúde

#### Indicador/es de avaliación

- Documentos que se aplicou a revisión lingüística dende a perspectiva de xénero

#### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### Actuación 1.4.

- Creación e mantemento dun apartado dentro da web do concello sobre Igualdade de Xénero

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo

#### Indicador/es de avaliación

- Creación do espazo web
- Temporalidade das actualizacións
- Nº de reunións realizadas

#### Temporalidade

- 2019 - 2020 - 2021

### Actuación 1.5.

- Creación dunha Mesa de Igualdade, na que se atopen presentes os principais organismos implicados na Igualdade de Xénero

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centros educativos
- Asociacións
- Centro de Saúde
- Garda Civil

#### Indicador/es de avaliación

- Creación da Mesa de Igualdade
- Nº de reunións realizadas
- Nº de contactos establecidos

#### Temporalidade

- 2018 - 2019

### **Actuación 1.6.**

- Dar a coñecer e explicar os obxectivos e actuacións propostas do II Plan de Igualdade aos organismos implicados e a comunidade en xeral

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Centros educativos
- Asociacións
- Centro de Saúde

#### **Indicador/es de avaliación**

- Nº de reunións realizadas cos axentes implicados
- Nº de charlas informativas

#### **Temporalidade**

- 2019 - 2020 - 2021

### **Actuación 1.7.**

- Realizar un seguimento e avaliación continua da aplicación do Plan

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Centros educativos
- Asociacións
- Centro de Saúde

#### **Indicador/es de avaliación**

- Nº de follas de seguimento cumprimentadas por cada organismo
- Nº de reunións realizadas

#### **Temporalidade**

- 2019 - 2020 - 2021

## 6.2. ÁREA 2: EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

### Obxectivo

*Impulsar a introdución do principio de igualdade no ámbito educativo, cultural e deportivo para potenciar o desenvolvemento integral das persoas, eliminando as discriminacións en función do sexo.*

### Actuación 2.1.

- Dar continuidade ao programa de reforzo educativo para a obtención do título de Graduado Escolar dirixido a ambos sexos, potenciando a incorporación de mulleres

### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centros de ensino
- Biblioteca Municipal

### Indicador/es de avaliación

- Nº de mulleres e homes nos programas de reforzo educativo.
- Grado de satisfacción
- Resultados acadados

### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### Actuación 2.2.

- Realizar accións formativas en TICs dirixidas a poboación en xeral, potenciando a participación de mulleres adultas para reducir a fenda dixital de xénero.

### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Asociacións
- Biblioteca Municipal

### Indicador/es de avaliación

- Nº de accións formativas en TICs realizadas.
- Grado de satisfacción
- Resultados acadados

### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### Actuación 2.3.

- Realizar actividades e accións formativas nos centros de ensino para fomentar a igualdade de xénero atendendo tamén a outras variables que produzan discriminacións, como a raza, a etnia, nacionalidade, diversidade funcional, clase social e diversidade sexual.

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centros de ensino

#### Indicador/es de avaliación

- Nº de actividades, obradoiros e accións formativas en Igualdade de Xénero realizadas en colaboración cos centros de ensino.
- Contidos abordados nas actividades, obradoiros e accións formativas.
- Nº de alumnado participante
- Resultados acadados

#### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### Actuación 2.4.

- Dar continuidade á realización actividades o día 8 de marzo, Día Internacional da Muller , e o 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra Muller.

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centros de ensino
- Biblioteca Municipal

#### Indicador/es de avaliación

- Canles de difusión
- Actividades realizadas
- Nº de entidades participantes
- Nº de reunións realizadas

#### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### Actuación 2.5.

- Organizar un espazo especializado de “educación en igualdade” na Biblioteca Municipal, co fin de potenciar o uso de materiais e recursos coeducativos.

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centros de ensino
- Biblioteca Municipal

#### Indicador/es de avaliación

- Espazo na Biblioteca Municipal
- Nº de persoas participantes

#### Temporalidade

- 2020 - 2021

### Actuación 2.6.

- Promover a participación equitativa de mulleres e homes nas actividades culturais e de ocio e tempo de lecer que se organicen no municipio.

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centros de ensino

#### Indicador/es de avaliación

- Nº de medidas adoptadas para promover a participación equitativa de mulleres e homes
- Nº de reunión realizadas

#### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### Actuación 2.7.

- Realizar actividades de recoñecemento da labor das mulleres na cultura e na historia.

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centros de ensino
- Biblioteca Municipal

#### Indicador/es de avaliación

- Nº de actividades de visibilización das mulleres no Concello de Covelo

#### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### **Actuación 2.8.**

- Promover a participación equitativa de mulleres e homes nas actividades culturais e de ocio e tempo de lecer que se organicen no municipio.

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Centros de ensino
- Biblioteca Municipal

#### **Indicador/es de avaliación**

- N° de actividades culturais e de ocio e tempo de lecer realizadas
- Canles de difusión
- N° de reunións realizadas
- N° de mulleres e homes participantes en actividades culturais

#### **Temporalidade**

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### **Actuación 2.9.**

- Promover a participación equilibrada de mulleres e homes no deporte, e en especial do deporte feminino

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Clubs deportivos
- Centros de ensino
- Biblioteca Municipal

#### **Indicador/es de avaliación**

- N° de actividades e campañas de fomento do deporte, e en especial, do deporte feminino.
- Canles de difusión
- N° de reunións realizadas
- N° de mulleres e homes participantes en entidades deportivas

#### **Temporalidade**

- 2019 - 2020 - 2021

### 6.3. ÁREA 3: ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

#### Obxectivo

*Favorecer a introdución do principio de igualdade en tódolos ámbitos de desenvolvemento da vida sociocomunitaria, potenciando a participación plena de mulleres e homes.*

#### Actuación 3.1.

- Impulsar o asociacionismo das mulleres para a creación e a promoción de novas asociacións

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Asociacións

#### Indicador/es de avaliación

- N° de asociacións creadas
- N° de asociacións participantes
- N° de reunións realizadas
- N° de contactos establecidos

#### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

#### Actuación 3.2.

- Fomentar a presenza de mulleres nas asociacións e outros órganos de participación e decisión maioritariamente integradas por homes.

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Asociacións

#### Indicador/es de avaliación

- N° de mulleres en asociacións
- N° de mulleres en postos de decisións nas asociacións.
- N° de reunións realizadas
- N° de contactos establecidos

#### Temporalidade

- 2019 - 2021



### **Actuación 3.3.**

- Realizar actividades culturais e de ocio e tempo de lecer, dende a perspectiva de xénero, dirixidas a mozos e mozas do municipio.

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Asociacións

#### **Indicador/es de avaliación**

- Nº de actividades culturais e de ocio dirixidas a xuventude
- Nº de mozos e mozas participantes
- Resultados obtidos

#### **Temporalidade**

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### **Actuación 3.4.**

- Fomentar as actividades de voluntariado, potenciando a participación masculina.

#### **Organismo/s implicado/s**

- Departamentos de Servizos Sociais e Igualdade
- Concello de Covelo
- Asociacións

#### **Indicador/es de avaliación**

- Nº de homes e mulleres nas actividades de voluntariado
- Nº de actividades de voluntariado realizadas

#### **Temporalidade**

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

## 6.4. ÁREA 4: FORMACIÓN E EMPREGO

### Obxectivo

*Favorecer o acceso, permanencia e desenvolvemento profesional das mulleres no mercado laboral, incidindo na súa formación.*

### Actuación 4.1.

- Mellorar a empregabilidade das mulleres, es especial, daquelas con maiores dificultades a través de Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral

### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Empresas do Municipio

### Indicador/es de avaliación

- Nº de mulleres asesoradas
- Nº de mulleres empregadas
- Nº de reunións
- Canles de difusión da información

### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### Actuación 4.2.

- Realizar obradoiros de Inserción Laboral e Técnicas de Busca de Emprego.

### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Empresas do Municipio
- Centros de ensino

### Indicador/es de avaliación

- Nº de obradoiros realizados
- Nº de mulleres e homes participantes
- Grado de satisfacción

### Temporalidade

- 2019 - 2021

### Actuación 4.3.

- Promover a contratación de mulleres nos Plans de Emprego do Concello

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo

#### Indicador/es de avaliación

- Nº de accións formativas ofertadas.
- Nº de contratacións do Concello de Covelo por sexo.

#### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### Actuación 4.4.

- Realizar xornadas divulgativas no centro de educación secundaria sobre a elección profesional rompendo os estereotipos e roles tradicionais de xénero

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centros de ensino

#### Indicador/es de avaliación

- Nº de xornadas realizadas
- Nº de alumnado participante
- Resultados obtidos

#### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### Actuación 4.5.

- Promover a capacitación e formación da poboación do Concello de Covelo en ocupacións que constitúan novos nichos de emprego

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Empresas do Municipio

#### Indicador/es de avaliación

- Actividades, obradoiros e accións para fomentar a participación de mulleres no tecido empresarial.

#### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

#### **Actuación 4.6.**

- Ofertar cursos de distintas familias profesionais, promovendo a participación igualitaria de mulleres e homes nas mesmas

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Empresas do Municipio

#### **Indicador/es de avaliación**

- Familias Profesionais das accións formativas ofertadas
- Nº de mulleres e homes participantes nas mesmas.
- Grado de satisfacción

#### **Temporalidade**

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

#### **Actuación 4.7.**

- Potenciar a participación de mulleres no tecido empresarial do municipio, ofrecendo información para a creación de empresas

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Empresas do Municipio

#### **Indicador/es de avaliación**

- Nº de mulleres asesoradas no mundo laboral.
- Nº de empresas creadas

#### **Temporalidade**

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

## 6.5. ÁREA 5: CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR

### Obxectivo

*Promover a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral*

### Actuación 5.1.

- Difundir mediante campañas de sensibilización e accións formativas a importancia do reparto equilibrado de responsabilidades familiares entre homes e mulleres.

### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo

### Indicador/es de avaliación

- Nº de campañas e accións formativas sobre corresponsabilidade
- Canles de difusión
- Nº de persoas participantes

### Temporalidade

- 2019 - 2021

### Actuación 5.2.

- Informar as empresas do municipio sobre os Plans de Igualdade nas empresas

### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Empresas do Municipio

### Indicador/es de avaliación

- Canles de difusión
- Nº de reunións realizadas
- Nº de contactos establecidos
- Nº de empresas informadas

### Temporalidade

- 2019 - 2020 - 2021

### **Actuación 5.3.**

- Continuar informando a poboación sobre os servizos e recursos do concello en conciliación e colaborar con outras Administracións públicas na creación de servizos dirixidos á atención a infancia e outras persoas dependentes

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Empresas do Municipio
- Centros de ensino

#### **Indicador/es de avaliación**

- Nº de consultas sobre información e asesoramento de recursos e servizos.
- Canles de difusión
- Reunións realizadas
- Nº de persoas informadas

#### **Temporalidade**

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### **Actuación 5.4.**

- Dar continuidade ao servizo de Escolas de Verán no período estival

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo

#### **Indicador/es de avaliación**

- Mantemento do servizo
- Nº de persoas participantes
- Resultados obtidos
- Grado de satisfacción

#### **Temporalidade**

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### **Actuación 5.5.**

- Promover a capacitación dos homes nas tarefas domésticas e de cuidados a través de cursos, actividades e obradoiros

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo

#### **Indicador/es de avaliación**

- Nº de cursos, actividades e obradoiros sobre tarefas domésticas
- Nº de homes participantes
- Grado de satisfacción

#### **Temporalidade**

- 2019 - 2021

### **Actuación 5.6.**

- Fomentar o uso do transporte público mellorando os horarios das liñas regulares, a través de convenios de colaboración coas empresas de transporte ou outra medidas

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Empresas de transporte

#### **Indicador/es de avaliación**

- Horarios do transporte público
- Nº de persoas beneficiarias desta medida
- Reunións establecidos
- Convenios ou medidas adoptadas para mellorar o transporte público

#### **Temporalidade**

- 2019 - 2020 - 2021

## 6.6. ÁREA 6: SERVIZOS SOCIAIS E VIOLENCIA DE XÉNERO

### Obxectivo

*Atender as necesidades das mulleres e as súas demandas de prestacións sociais, así como previr e abordar a violencia de xénero en tódalas súas modalidades e manifestacións, incrementando a implicación de toda a poboación do municipio*

### Actuación 6.1.

- Dar continuidade ao servizo de información e asesoramento ás mulleres dos recursos e programas sociais existentes, así coma dos requisitos para o acceso aos mesmos

### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centro de Información ás Mulleres do Concello de Ponteareas
- Asociacións
- Centros de ensino
- Centro de Saúde
- Policía local /Garda Civil

### Indicador/es de avaliación

- Nº de persoas atendidas nos Servizos Sociais.
- Nº de persoas de Covelo atendidas no Centro de Información as Mulleres do Concello de Ponteareas.
- Nº de intervencións (psicolóxicas, xurídicas) levadas a cabo polo Centro de Información as Mulleres do Concello de Ponteareas

### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021



### Actuación 6.2.

- Difundir mediante campañas de sensibilización e accións formativas a importancia do reparto equilibrado de responsabilidades familiares entre homes e mulleres

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centro de Información ás Mulleres do Concello de Ponteareas
- Centros de ensino
- Centro de Saúde

#### Indicador/es de avaliación

- Nº de campañas realizadas
- Nº de persoas ou entidades participantes
- Canles de difusión
- Reunións realizadas

#### Temporalidade

- 2019 - 2021

### Actuación 6.3.

- Continuar informando ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre os servizos e recursos do concello, en especial, da posibilidade de atención xurídica e/ou psicolóxica no Centro de Información as Mulleres de Ponteareas

#### Organismo/s implicado/s

- Concello de Covelo
- Centro de Información ás Mulleres do Concello de Ponteareas
- Asociacións
- Centro de Saúde
- Policía local /Garda Civil

#### Indicador/es de avaliación

- Canles de difusión
- Nº de contactos establecidos
- Nº de persoas atendidas

#### Temporalidade

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

#### **Actuación 6.4.**

- Establecer unha Mesa de Traballo contra a violencia de xénero na que participen os principais axentes implicados: Servizos Sociais, Centro de Saúde, asociacións, Centros Educativos e Centro de Información as Mulleres

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Centro de Información ás Mulleres do Concello de Pontearreas
- Asociacións
- Centros de ensino
- Centro de Saúde
- Policía local /Garda Civil

#### **Indicador/es de avaliación**

- Creación da Mesa de Traballo contra a Violencia de Xénero
- Nº de reunións celebradas
- Nº de contactos establecidos
- Nº de entidades ou persoas participantes

#### **Temporalidade**

- 2019 - 2020 - 2021

#### **Actuación 6.5.**

- Potenciar accións formativas e campañas de sensibilización sobre violencia de xénero (definición, tipos de violencia, ciclo da violencia) dirixidas a toda a poboación do concello, visibilizando tódalas formas de violencia machista

#### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Centro de Información ás Mulleres do Concello de Pontearreas
- Asociacións
- Centros de ensino
- Centro de Saúde
- Policía local /Garda Civil

#### **Indicador/es de avaliación**

- Nº de actividades, cursos, obradoiros e xornadas sobre prevención e erradicación da violencia de xénero.
- Nº de persoas participantes
- Canles de difusión

#### **Temporalidade**

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

### **Actuación 6.6.**

- Realizar actividades polo día 25 N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, en coordinación cos demais axentes implicados

### **Organismo/s implicado/s**

- Concello de Covelo
- Centro de Información ás Mulleres do Concello de Ponteareas
- Asociacións
- Centros de ensino
- Centro de Saúde
- Policía local /Garda Civil

### **Indicador/es de avaliación**

- Actividades realizadas polo Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller
- Nº de entidades ou persoas participantes
- Canles de difusión

### **Temporalidade**

- 2018 - 2019 - 2020 - 2021

## 7. AVALIACIÓN

---

O sistema de avaliación deste II Plan de igualdade preséntase como un mecanismo que permite comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos mediante unha serie de indicadores: por un lado, cuantitativos, referidos ao número de persoas beneficiarias, o grao de satisfacción, a eficacia das accións, a súa calidade e utilidade con respecto aos obxectivos globais do plan e os específicos de cada acción; e por outro, cualitativos, cuxo obxectivo é recoller información acerca da opinión e puntos de vista das persoas implicadas na posta en marcha e desenvolvemento do plan.

Como ferramentas de traballo para facilitar o sistema de avaliación do plan, elaborárase unha ficha de avaliación das actuacións que deberán cubrir as persoas responsables da implantación do plan.

Para levar a cabo o seu seguimento e avaliación posterior levaranse cabo os seguintes procedementos:

### **Seguimento**

De forma continuada segundo as actuacións previstas. Realizarase unha avaliación de cada actuación que se leve a cabo a través dunha ficha de avaliación.

### **Avaliacións Intermedias**

De forma anual para medir o grao de implantación do Plan de Igualdade, comprobar que se logran os obxectivos, propor cambios e melloras.

### **Avaliación Final**

Realizarase ao final do período de vixencia do Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes para estimar o seu impacto real.

## ANEXOS

### Anexo I: Ficha de Seguimento das actuacións do Plan

FICHA DE SEGUIMENTO			
ÁREA DO PLAN			
OBXECTIVO DO PLAN			
Nº DE ACTUACIÓN DO PLAN			
ACTIVIDADE REALIZADA			
TÍTULO			
CONTIDO DA ACTIVIDADE			
DATA DE REALIZACIÓN			
LUGAR DE REALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS	NÚMERO DE PARTICIPANTES	
		Homes:	
		Mulleres:	
ORZAMENTO		ORGANISMO/S IMPLICADO/S	
OBSERVACIÓNS			
AVALIACIÓN DAS PERSOAS DESTINARIAS (cualitativa ou cuantitativa)			

## Anexo II: Glosario de termos

---

### **Androcentrismo**

Visión do mundo e das cousas, desde o punto de vista teórico e do coñecemento, na que os homes son o centro e a medida de todas elas, ocultando e facendo invisible todo o demais, entre elas as achegas e contribucións das mulleres á sociedade. Unha visión androcéntrica presupón que a experiencia masculina será "a universal", a principal, a referencia ou representación da humanidade, obviando a experiencia feminina. (Palabras para la Igualdad. Biblioteca Básica Vecinal)

### **Coeducación**

Método de intervención educativo que vai máis alá da educación mixta e cuxas bases aséntanse no recoñecemento das potencialidade e individualidades de nenas e nenos, independentemente do seu sexo. A coeducación é, por tanto, educar desde a igualdade de valores as persoas. (Palabras para la Igualdad. Biblioteca Básica Vecinal)

### **Acción positiva**

Medidas dirixidas a un grupo determinado, coas que se pretende suprimir e previr unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes, denominadas as veces "Discriminación Positiva". (Guía Europa perspectiva de género)

### **Dobre Xornada**

Condición á que se ven sometidas as mulleres que combinan o traballo produtivo, doméstico e de coidados de forma cotiá.

### **Empoderamento das mulleres – Empowerment**

Termo acuñado na Conferencia Mundial das Mulleres en Beijing (Pekin) para referirse ao aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder. Actualmente esta expresión conleva tamén outra dimensión: a toma de conciencia do poder individual e colectivamente que ostentan as mulleres e que ten que ver coa recuperación da propia dignidade das mulleres como persoas. (Palabras para la Igualdad. Biblioteca Básica Vecinal)

### **Espazo doméstico**

Identifícase co ámbito reprodutivo e do fogar, onde ten lugar a crianza, os afectos e o coidado das persoas dependentes, onde se colocou tradicionalmente e historicamente ás mulleres. A pesar da importancia de este traballo para a supervivencia das persoas e o desenvolvemento da sociedade foi historicamente invisibilizado e continua sendo menos valorado.

### **Espazo público**

Identifícase co ámbito produtivo, co espazo de actividade onde ten lugar a vida laboral, social, política. É onde se colocou historicamente e tradicionalmente aos homes. (Palabras para la Igualdad. Biblioteca Básica Vecinal)

### **Espazo privado**

É o espazo e o tempo propio que non se doa a outras persoas, que se procura para si mesmas, afastadas do espazo doméstico ou do público, é ese espazo no que as persoas cultívanse para proxectarse logo no ámbito público.

### **Feminismo**

Corrente de pensamento en permanente evolución pola defensa da igualdade de dereitos e oportunidades de ambos sexos. Constitúe una forma diferente de entender o mundo, as relacións de poder, as estruturas sociais e as relacións entre os sexos. (Palabras para la Igualdad. Biblioteca Básica Vecinal).

### **Movemento feminista**

"O feminismo é unha forma de pensar e unha maneira de vivir". Simone de Beauvoir. O movemento feminista está integrado por mulleres feministas organizadas ao redor de diversos colectivos, plataformas, asembleas e asociacións de mulleres que teñen en común a conciencia de grupo oprimido pola ideoloxía patriarcal. Ten un carácter social, político, filosófico e reivindicativo que preconiza a igualdade de dereitos de mulleres e homes e a liberdade para elixir o modelo de vida que desexan seguir, máis aló de estereotipos e roles sexistas que asignan a mulleres e homes comportamentos, desexos e realidades. (Palabras para la Igualdad. Biblioteca Básica Veciñal)

### **Patriarcado**

Literalmente significa "gobierno dos pais" pero as interpretacións críticas desde o feminismo refírense a él como un sistema ou organización social de dominación masculina sobre as mulleres que adoptou distintas formas ao longo da historia.

### **Xénero**

As investigacións feministas dos anos 70 mostran que o concepto de sexo non é válido para explicar as diferenzas de actividades entre homes e mulleres nas distintas culturas ao longo da historia. Elaboran e introducen entón o concepto xénero como categoría de análise que permite diferenciar e separar o biolóxico do cultural. O xénero e, en consecuencia, as relacións de xénero son "construción sociais" que variandunhas sociedades a outras e duns tempos a outros, e polo tanto, como tales, susceptibles de modificación, de reinterpretación e de reconstrución. (Palabras para la Igualdad. Biblioteca Básica Vecinal). A partir dos anos 80 e 90 xorden teorías feministas que cuestionan tamén o concepto do sexo biolóxico, conceptualizándoo como outra construción social e cultural e tentando superar a percepción binaria "home-muller" tanto do sexo como do xénero.

### **Perspectiva de xénero**

Tomar en consideración e prestar atención ás diferenzas e desigualdades entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito dados nunha política. (Guía Europa perspectiva de género)

### **Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**

Fundamentado no principio de igualdade, refírese á necesidade de corrixir as desigualdades que existen entre homes e mulleres na sociedade. Constitúe a garantía de que mulleres e homes poidan participar en diferentes esferas (económica, política, participación social, de toma de decisións) e actividades (educación, formación, emprego) sobre bases de igualdade. (Palabras para a Igualdade. Biblioteca Básica Veciñal)

### **Segregación no mercado laboral**

Refírese á concentración das mulleres en determinadas ocupacións e/ou familias profesionais que, xeralmente, caracterízanse por ter condicións de emprego pouco satisfactorias, baixos salarios e poucas



oportunidades de formación continua e adquisición de cualificacións engadidas. Son, por tanto, empregos feminizados, fonte de desigualdades no mercado laboral, xa que o valor asociado a eles e a súa remuneración é menor. A segregación pode ser horizontal, cando a concentración prodúcese en determinadas ocupacións/familias profesionais; e vertical, cando as mulleres se concentran en postos de baixa responsabilidade.

### **Teito de Cristal**

Denomínase Teito de Cristal a limitación velada do ascenso laboral das mulleres no interior das organizacións. Trátase dun teito que limita as súas carreiras profesionais, difícil de traspasar e que lles impide seguir avanzando.

### **Violencia de Xénero**

As Nacións Unidas recoñecen en 1980 como a violencia contra as mulleres é o crime en cuberto máis frecuente do mundo. A Declaración das Nacións Unidas sobre a eliminación da violencia contra as mulleres define esta violencia como "todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para as mulleres, inclusive as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto se se produce na vida pública ou privada".

As agresións de todo tipo que padecen as mulleres é unha manifestación máis das relacións de desigualdade que existen entre as mulleres e os homes. A violencia que se fundamenta na suposta superioridade dun sexo sobre outro, que afecta a toda a organización social converténdose nun dos máis graves problemas políticos e sociais da actualidade no noso país e que segue formando parte da realidade cotiá.

As súas manifestacións son moi variadas: desde as máis evidentes, os malos tratos físicos e psíquicos, realizados no ámbito doméstico, ás agresións sexuais, acoso sexual, violación.... ás máis sofisticadas como a publicidade que proxecta imaxes das mulleres que non se corresponde coa realidade. Na IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres celebrada en Beijing (Pekín) en 1995, recoñeceuse que a violencia exercida contra

as mulleres é un obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz dos pobos, impedindo que as mulleres gozar dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais. (Palabras para la Igualdad. Biblioteca Básica Veciñal)